



## OS EQUIPOS TETRA DA XUNTA NON RESULTARON OPERATIVOS PARA O SEU EMPREGO POR PARTE DOS CORPOS DE BOMBEIROS, DURANTE O INCENDIO DE FANDICOSTA

(26-05-2016)

O pasado mércores 25 puidemos apreciar en distintos medios escritos, a resposta que daba a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, ao respecto das alusións que facía a representación legal dos traballadores dos parques de Bombeiros de O Morrazo, Porriño e de Salnés, no tocante á descoordinación que se apreciou no sinistro de Fandicosta entre os distintos corpos de extinción de incendios intervintes.

Segundo a Xunta de Galicia, parece que non é comprensible que se producira esa descoordinación dado que se fixo entrega por parte da entidade autonómica, de 56 terminais de comunicación (basicamente emisoras de radio) ao Consorcio ao que pertencen os parques denunciante, e que segundo asegura a Xunta están operativos dende o pasado 11 de febreiro.

Dende a Mesa Intersindical de Bombeiros, logo de contrastar diversas fontes, e en apoio ao colectivo de bombeiros que prestan os seus servizos para o Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento de Pontevedra, a través da empresa concesionaria MATINSA, queremos manifestar o seguinte:

1º. Estamos de acordo coa postura da Xunta no tocante a que Presidencia, fixo entrega ao Consorcio dos 56 equipos citados.

2º. Estamos de acordo con que a Xunta pretenda que a rede TETRA dea cobertura a todo o territorio autonómico e que busque dar cobertura a distintos corpos entre si.

Pero coa mesma tamén consideramos de interese subliñar o seguinte:

3º. A rede TETRA na que está a investir cifras multimillonarias a Xunta de Galicia, é unha tecnoloxía que ten xa máis de 10 anos.

4º. A adquisición dos equipos, e o contrato de mantemento aparelado vai a cargo de VEICAR, S.L., empresa concesionaria que está xestionar 12 dos 19 parques de bombeiros privatizados dos que participa a Consellería de Presidencia, nas provincias de A Coruña, Lugo e Ourense.



5º. Como o resto de inversións millonarias que fai a Xunta de Galicia para a adquisición de material para emerxencias, ningún deses equipos se mercou tendo en conta as necesidades do persoal, e moito menos a súa opinión.

6º. Dende o primeiro momento, os corpos de bombeiros advertiron que os terminais TETRA adquiridos, poden resultar moi axeitados para policía, equipos sanitarios, protección civil, etc. Pero no para bombeiros polas seguintes razóns:

- Non se trata de equipos ATEX (acrónimo de **AT**mosphere **EX**plosive) o que impide o seu emprego en atmosferas explosivas, ou susceptibles de selo. Calquera incendio en interior (viviendas, naves, locais, etc.) é susceptible de considerarse afectado por unha atmosfera explosiva. Ao amparo da Lei de Prevención de Riscos Laborais, e segundo informes de inspección laboral, temos que calquera aparello electrónico empregado polos equipos de extinción nun incendio en interiores, debe necesariamente cumprir coa normativa ATEX.
- Os cascos empregados polos bombeiros do Consorcio de Pontevedra, dispoñen de intercomunicadores que eran compatibles cos antigos equipos de radio, pero non cos terminais TETRA provistos pola Xunta. Estes intercomunicadores, permiten que os bombeiros poidan comunicarse sen necesidade de deixar as tarefas de extinción ou rescate. Ao non ser compatibles os equipos, e non vir dotados do intercomunicador compatible, o profesional vese na obriga de ter que paralizar as accións de extinción ou rescate para poder interactuar coa emisora de radio, que ata o momento de empregala deberá estar protexida nun peto para evitar danos ou a perda do mesma.
- Para que no medio dunha intervención (en condicións de visibilidade minguada, con equipo de protección respiratoria, protección térmica, luvas multicapa, etc) se poida pasar a falar, a través de terminais TETRA con outro equipo de intervención doutro parque, faise preciso premer botóns nun teclado, ao igual que habería que facelo cun teléfono móbil. Isto é impracticable no medio dunha actuación.



E posible que parte destes motivos, foran os que levaran ao parque de Bombeiros de Vigo, a non recoller o suposto “regalo” de equipos TETRA que pretendía facer a Xunta a de Galicia a dito colectivo.

Dende a Mesa Intersindical queremos remarcar novamente, que o feito de que a descoordinación amosada en Fandicosta, así como noutros operativos no que foi precisa a intervención de distintos corpos, non se debe unicamente aos problemas intrínsecos das emisoras, senón que vai máis aló. A existencia, por exemplo, dun mando único recoñecido polos diferentes grupos intervenientes, que coordinara a actuación dos profesionais, faría que o problema das emisoras fora o menor de todos.

## A DESCOORDINACIÓN DOS CORPOS DE BOMBEIROS NO INCENDIO DE FANDICOSTA SOMETIDA A PLENO NO PARLAMENTO

A nacionalista Tereixa Paz, levou onte a pleno no Parlamento de Galicia, o problema da descoordinación que viviron os profesionais de extinción de incendios durante o incidente de Fandicosta. Tereixa Paz presentou unha proposición non de Lei para o seu debate no Pleno, relativa á eventual descoordinación do dispositivo de emerxencias na intervención no incendio de Fandicosta en Moaña e da necesidade de revisión dos protocolos de actuación por parte da AXEGA nos grandes sinistros, co fin de:

- a) Analizar o funcionamento do dispositivo de emerxencias, as causas que provocaron a falta de coordinación e se as decisións da AXEGA foron as adecuadas.
- b) Avaliar o cumprimento dos protocolos e no seu caso a necesidade de introducir modificacións nestes para evitar estes reiterados erros e disfuncións e mesmo a oportunidade de modificar o modelo.
- c) Determinar, e no seu caso depurar, as responsabilidades nestes feitos concretos.



Pola súa banda, e dando a cara por parte da Xunta, entidade da que depende a AXEGA (Axencia Galega de Emerxencias), que supostamente coordinou o operativo de Fandicosta, o vicepresidente Alfonso Rueda, desviou a atención ás deputacións, e negou que o 112 impedira a saída dos bombeiros de Vigo, sen entrar a responder a ningunha das solicitudes lanzadas dende a bancada nacionalista relativas ao incendio da nave de Moaña.

O que si fixo o señor Rueda, foi tentar de “encirrar” ao colectivo de bombeiros de xestión privada, reincidindo en varias ocasións, no feito de que logo de 4 meses, as deputacións de Lugo, Coruña e Pontevedra non presentaran a día de hoxe unha proposta formal para o rescate do servizo de extinción de incendios e salvamento, postura esta, a do vicepresidente, que a esta Mesa Intersindical lle resulta moi curiosa, dado de que a Xunta leva máis de 90 meses sen dar cumprimento ás obrigas que lle impón a Lei de Emerxencias ao goberno autonómico (concretamente á consellería que lidera Alfonso Rueda), e que os bombeiros levan anos demandando e incluso mantendo unha folga que xa é das máis duradeiras de España no sector.

### **Mesa Intersindical de Bomberos de Galicia**

**Para máis información respecto desta nova:**

**Ángel Moldes (Bomberos do Morrazo): [651911292](tel:651911292)**

NOTA: Corte do pleno no que se debate a [Proposición non de Lei do BNG referida á descordinación no incendio de Fandicosta](#)